



FESTIVAL



**PRIMAVERA
DO CINE** en VIGO



Queridas e queridos amigos, benvidas e benvidos a este festival que xa afronta a súa undécima edición divulgando o talento galego e lusófono na nosa querida cidade.

Agradecemos infinitamente que estean de volta connosco logo de dous anos de longo pesadelo pandémico nos que boa parte do público atopou o seu recunchiño cinéfilo nas plataformas. Non imos negar que nós tamén consumimos cinema neste formato, mais temos moi claro que a experiencia de ver un filme en comunidade non ten parangón. Ir a unha sala de cinema implica saír da nosa consciencia para logo volver a ela con puntos de vista renovados. E canto mellor é isto cando, ademais de mirar cara ao interior, podemos contrastar a nosa perspectiva coa das persoas que comparten ese tempo e ese espazo connosco.

Este ano haberá, en suma, un bo feixiño de filmes cos que agardamos que vibren, sorrían, se emocionen... sintan. Porque iso é tamén o cinema: un espello da vida. Ao longo destes seis días de festival, agárdanlles unha corentena longa —mais esta si, marabillosa— de pezas audiovisuais, longas, curtas e videoclips. A programación estará complementada por outras actividades divulgativas e formativas para afondar nesa experiencia de inmersión compartida. Cinema, sociedade e feminismo, obradoiros de guión e cinema expandido, tardes para gozar da maxia do precine, a celebración do centenario da grandísima María Casares e o recoñecemento a unha institución de cultura da resistencia en Vigo: o Cineclub Lumière.

Todo isto non sería posible sen a imprescindible axuda do Concello de Vigo, da Deputación de Pontevedra, do Instituto Camões e do museo MARCO, así como doutros patrocinadores. Mais, sobre todo, isto non sería posible sen vostedes.

Así que veñan, gocen e sintan... sempre connosco.

GRAZAS!

Ana Gontad

- 4 HORARIO**
5 MENCIÓN HONORÍFICA: CINECLUBE LUMIÈRE
SECCIÓN OFICIAL - CURTAMETRAXES:
6 BLOQUE 1: HÁ MAIS FUTURO QUE PASSADO
8 BLOQUE 2: O REXURDIR DA TERRA ASOBALLADA
10 BLOQUE 3: MISTURA DE CENTEO
12 BLOQUE 4: UNHA VOZ, MOITAS VOCES
14 BLOQUE 5: EU TAMÉN NAVEGAR
16 SESIÓN ESPECIAL CURTAS: ONDAS DO MAR DE VIGO
17 SECCIÓN OFICIAL - CURTAS INFANTÍS
19 SECCIÓN OFICIAL - LONGAMETRAXES
23 SECCIÓN OFICIAL - VIDEOCLIPS
24 CENTENARIO MARÍA CASARES
26 OBRADOIRO DE CINEMA EXPANDIDO:
PROXECTO REMOLQUE
OBRADOIRO DE MAXIA PRECINEMATOGRÁFICA:
PAPER CINÉTICO
27 OBRADOIRO: CINEMA, A SOCIEDADE DE CONSUMO
E FEMINISMO
28 OBRADOIRO: INTRODUCCIÓN AO GUIÓN CINEMATOGRÁFICO
29 GALA DE CLAUSURA / O NOSO XURADO



**Equipo que fixo posible
esta XI Edición do Primavera do Cine**

Dirección: Ana Gontad

Programación: Ana Grey, Ana Gontad

Imaxe e deseño gráfico: María Llauger

Web: David Vázquez

Proxeccionista: César Rouco

Fotografía: Paula Cermeño

Producción: Maica Díaz, David Esperón,
Guillermo Crego, Alfonso Castaño, Eduardo Silva

Presentadora: Lola Correa

Obradoiros: Verónica Fonterosa, Cris Lores,
Belén Veleiro, Alberte Pagán, Fon Cortizo

O autor do deseño e fabricación das pezas dos Premios é Íñigo Almeida

MARTES 13

GALERÍA 3 DO MUSEO MARCO

- 18.00 SESIÓN ESPECIAL:
ONDAS DO MAR DE VIGO
- 19.30 CURTAS BLOQUE 1:
HÁ MAIS FUTURO QUE PASSADO

MÉRCORES 14

GALERÍA 3 DO MUSEO MARCO

- 18.00 CURTAS BLOQUE 2:
O REXURDIR DA TERRA ASOBALLADA
- 19.30 CURTAS BLOQUE 3:
MISTURA DE CENTEO

XOVES 15

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

- 18.00 CURTAS BLOQUE 4:
UNHA VOZ, MOITAS VOCES
- 20.00 VALDAURA
- 22.00 AMOR FATI

INSTITUTO CAMÕES

- 18.00 OBRADOIRO:
CINEMA, A SOCIEDADE DE CONSUMO
E FEMINISMO



PRIMAVERA
DO CINE en VIGO



PRAZA DO REI, 1



PRAZA DE ALMEIDA S/N



RÚA DO PRÍNCIPE, 54



RÚA EDUARDO CHAO, 17

VENRES 16

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

- 18.00 CURTAS BLOQUE 5:
EU TAMÉN NAVEGAR
- 20.00 UN CIELO IMPASIBLE
- 22.00 TRES TIGRES TRISTES

INSTITUTO CAMÕES

- 18.00 CURTAS INFANTÍS

SÁBADO 17

INSTITUTO CAMÕES

- 11.00 OBRADOIRO: INTRODUCCIÓN AO
GUIÓN CINEMATográfico
- 18.00 CURTAS BLOQUE 1:
HÁ MAIS FUTURO QUE PASSADO

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

- 18.00 CURTAS INFANTÍS
- 19.30 CENTENARIO MARÍA CASARES
+ ORFEO
- 22.00 NOITE DOS VIDEOCLIPS

SEDE DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA EN VIGO

- 17.30 PAPER CINÉTICO

DOMINGO 18

INSTITUTO CAMÕES

- 17.00 PROXECTO REMOLQUE

AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO

- 19.00 GALA DE CLAUSURA

ENTRADAS

LONGAMETRAXES 4€
BLOQUE DE CURTAS 3€*
NOITE DOS VIDEOCLIPS 3€

* AS PROXECCIONS DE CURTAS NO
INSTITUTO CAMÕES SON DE BALDE

MÁIS INFO EN: primaveradocine.com

MENCIÓN HONORÍFICA: CINECLUBE LUMIÈRE



Cando no ano 1993 un grupo de persoas se reuniu para crear o Cineclub Lumière, seguramente poucas delas pensaban que case trinta anos despois seguirían aí, non só como símbolo de resistencia cultural senón tamén como institución de referencia na nosa cidade, transmitindo paixón polo cinema e apostando pola cultura de proximidade. O nacemento do «Lumière» supuxo recuperar para a cidade olívica unha actividade que non tiña continuidade dende o ano 1982, data na que desapareceu o último dos cineclubes vigueses dos anos setenta.

Ao longo de todos estes anos, nos que o panorama da exhibición cinematográfica mundial experimentou unha drástica transformación, o cineclube cambiou de sede e de representantes, pero o que nunca mudou foi o seu carácter divulgativo, o seu interese pola difusión da cultura cinematográfica, a vocación polo estudo do cinema, polo achegamento de xeito crítico á sétima arte (e á sociedade por extensión); ademais da promoción de realizadores novos, a quen facilita a produción e a posterior exhibición dos seus filmes. Todo isto sempre en escrupulosa versión orixinal subtitulada —no caso dos filmes estranxeiros—, mantendo a esencia de cada película.

Desde a súa orella de resistencia, o Lumière colabora con numerosas entidades da cidade para ofrecer todo tipo de ciclos cinematográficos, organiza exposicións e obradoiros formativos, produce curtametraxes e non deixa de estar presente en parladoiros, entrevistas e debates.

En suma, facer entrega da mención honorífica deste ano ao Cineclub Lumière é conmemorar a cultura de resistencia mais, principalmente, conmemorar o cinema libre.

A mención honorífica será entregada no acto de clausura da 11ª edición do Festival Primavera do Cine ao membro fundador do Cineclub Lumière, Francisco Javier Estévez Álvarez (Fran), e á súa actual presidenta, Meli López.



SECCIÓN OFICIAL CURTAS

BLOQUE 1 HÁ MAIS FUTURO QUE PASSADO



BLOQUE 1 • HÁ MÁIS FUTURO QUE PASADO

Fantasma Neon


FICCIÓN | 20' | 2021

João é repartidor e soña con ter a súa propia motocicleta. Contáranlle que todo sería como unha película musical. Pero, aínda que vista con cores fluorescentes, João segue sendo invisible.

REPARTO: Dennis Pinheiro, Silvero Pereira



DIRECCIÓN:
Leonardo Martinelli



BLOQUE 1 • HÁ MÁIS FUTURO QUE PASADO

A viaxe de Ebrima

DOCUMENTAL | 14' | 2021


Retrato poético do músico Mbye Ebrima, do seu instrumento, a kora, e do festival creado e organizado por el mesmo, o Kora Fest.



DIRECCIÓN:
Iago Seoane e
Rudá Cordaro

SECCIÓN OFICIAL CURTAS

BLOQUE 1 HÁ MAIS FUTURO QUE PASSADO



BLOQUE 1 •
HÁ MÁIS FUTURO QUE PASADO

Chão de Fábrica

FICCIÓN | 24' | 2021



DIRECCIÓN:
Nina Kopko

1979. As máquinas paran para a hora do xantar dentro dunha metalúrxica de São Bernardo do Campo. Catro operarias comen dentro do vestiario feminino. Entre risos e conflitos, cada unha garda o seu segredo.

REPARTO: Alice Marcone, Carol Duarte, Helena Albergaria, Joana Castro

SECCIÓN OFICIAL CURTAS

BLOQUE 2 O REXURDIR DA TERRA ASOBALLADA



BLOQUE 2 ••

O REXURDIR DA TERRA ASOBALLADA

A revolución (é) probable

DOCUMENTAL | 30' | 2022



DIRECCIÓN:
Lee Douglas,
María Ruido e
Paula Barreiro

Para que serve unha revolución? Unha revolución aluma outras posibilidades de vida. Esa é a premisa da que parte esta curtametraxe, que toma como caso de estudo a última das grandes revolucións europeas, a que tivo o seu comezo o 25 de abril de 1974 en Portugal, profunda nas súas raíces coloniais, e reflexiona sobre o seu final o 25 de novembro de 1975.

Que podemos aprender dese período de 19 meses, do denominado PREC (Proceso Revolucionario en Curso)? Que imaxes deixa esta revolución popular que empezou como un golpe de estado militar?

Este ensaio audiovisual, construído con algúns dos traballos cinematográficos máis importantes do 25 de abril e con materiais de arquivo televisivo e das cooperativas cinematográficas xurdidas á calor do proceso revolucionario, é unha reflexión sobre a forza política destas imaxes, sobre o legado que nos deixan, e sobre o papel dos arquivos, o cinema, os medios de comunicación e a representación en xeral nas nosas loitas contemporáneas.

A revolución (é) probable fálanos, ademais, do fráxil estatuto de documento das imaxes como "proba", e da posibilidade real de aprender da historia desde o presente.

REPARTO: Saraiva de Carvalho, Robert Kramer

SECCIÓN OFICIAL CURTAS

BLOQUE 2 O REXURDIR DA TERRA ASOBALLADA



BLOQUE 2 ••

O REXURDIR DA TERRA ASOBALLADA

Para matar a guerra

DOCUMENTAL | 16' | 2021

Hoxe en día, as novas xeracións están cada vez máis afeitas a vivir día a día con imaxes que ilustran os horrores e as consecuencias da guerra. Non só a través da televisión e internet, senón tamén a través do cine.



DIRECCIÓN:
Xoán Fernández



BLOQUE 2 ••

O REXURDIR DA TERRA ASOBALLADA

Só as árbores coñecen o son das balas

DOCUMENTAL | 13' | 2021

Só as árbores coñecen o son das balas é unha conversa audiovisual, unha reflexión sobre o territorio e a paisaxe galega, unha primeira aproximación á investigación de diversos acontecementos relacionados coa guerra civil na provincia de Pontevedra. Nesta curtametraxe describíense casos concretos con pinceladas esbozadas, outorgando importancia á natureza como testemuña de todas as accións relatadas e, probablemente, de moitas máis.



DIRECCIÓN:
Rebeca Lar

SECCIÓN OFICIAL CURTAS

BLOQUE 3 MISTURA DE CENTEO



BLOQUE 3 ...

MISTURA DE CENTEO

Sauerdogs

FICCIÓN | 15' | 2022

O inverno adiantouse. Bill e Hans, dous fracasados buscadores de ouro nunha maltreita zorra de cans, intentan regresar a casa. A través dun inhóspito val nevado, exhaustos e cunha man chea de nada e outra cousa de ningunha, a súa marxe para o erro esgotouse. Cando un dos cans non pode continuar, os cimentos da súa lealdade empezan a racharse.

REPARTO: August Diehl, Jonathan D. Mellor



DIRECCIÓN:
Guillermo de
Oliveira



BLOQUE 3 ...

MISTURA DE CENTEO

A comunión da miña prima Andrea

DOCUMENTAL | 13' | 2021

Andrea fixo a súa primeira comunión. Con todo, á cerimonia fáltalle glamour. Para Andrea as cousas sen brilli-brilli non son cousas. O único problema é: será que o Deus este existe?



DIRECCIÓN:
Brandán Cerviño

SECCIÓN OFICIAL CURTAS

BLOQUE 3 MISTURA DE CENTEO



BLOQUE 3 ···

MISTURA DE CENTEO

O niño dos paxaros

FICCIÓN - DOCUMENTAL | 16' | 2021

Os pardais fanse oco entre a maquinaria, nos tubos de escape, nos motores abertos ou nos asentos dos coches da terceira planta. Cando escoitan abrir o gran portalón á primeira hora da mañá, voan rápido para entrar. Hoxe o taller é un lugar seguro para eles, do mesmo xeito que o foi para o meu pai nos anos 80.

REPARTO: Manu Estévez, María Tasende, Diego Anido



DIRECCIÓN:
Lucía Estévez



BLOQUE 3 ···

MISTURA DE CENTEO

Anatomía dunha serea

DOCUMENTAL | 15' | 2022

Tras recibir un trato inapropiado no hospital e sufrir as consecuencias dunha episiotomía que se lle practicou sen o seu consentimento durante o parto, a actriz Iria Pinheiro inicia un trámite xudicial contra o Servizo de Saúde Galego, pero, desanimada perante o complexo e custoso proceso legal, refúxiase no teatro como medio de denuncia. A través dos ensaios e das escenas da obra, Pinheiro conta a súa historia usando a parodia como motor para dar visibilidade a esta realidade oculta.



DIRECCIÓN:
Adriana Páramo
Pérez

SECCIÓN OFICIAL CURTAS

BLOQUE 4 UNHA VOZ, MOITAS VOCES



BLOQUE 4 ••••

UNHA VOZ, MOITAS VOCES

Neuronas a ceo aberto

EXPERIMENTAL | 6' | 2021

Sobre texto e interpretación da poeta Estibaliz Espinosa, Lucía Estévez conecta elementos aparentemente distantes como a física, a exploración do espazo e a arte de Maruja Mallo co que está por chegar. Este videopoema foi realizado para a exposición Galicia Futura, comisariada polo historiador da arte Miguel Ángel Cajigal e a química Deborah García Bello, recoñecidos divulgadores do eido da cultura e da ciencia, respectivamente.



DIRECCIÓN:
Lucía Estévez



BLOQUE 4 ••••

UNHA VOZ, MOITAS VOCES

Ningún río me protexe de min

EXPERIMENTAL | 28' | 2021

Ningún río me protexe de min toma como punto de partida o misterioso roubo dun material filmado na República Centroafricana, dentro do bosque da conca do Congo, como resposta aos conflitos xurdidos no fráxil e transubxectivo encontro co non-eu. Encontro que só pode ser practicado ou experimentado; se se trata de virtualizar, deixa de existir.



DIRECCIÓN:
Carla Andrade

SECCIÓN OFICIAL CURTAS

BLOQUE 4 UNHA VOZ, MOITAS VOCES



BLOQUE 4 ••••

UNHA VOZ, MOITAS VOCES

Parolar cun eu

DOCUMENTAL | 20' | 2021

Unha muller se despraza por unha cidade, Vigo. Cineasta, escritora, camiñante entre ruínas. Margarita Ledo. Busca un sinal que a leva á fábrica de cerámica Álvarez. Pasos perdidos sobre cascallos e, a súa vez, unha experiencia inzada de interrogantes, do paso do tempo, dos distintos estados da desaparición que levan á morte pero que, paradoxalmente, aparecen como memoria viva dunha ruptura traumática. O cartaz como acto de invocación dunha cidade fabril que liscou, patrimonio industrial ensombrecido pola crise e a especulación.

E o corpo en movemento e a solidariedade, como actos de esperanza. Ou o cinema, resina e ouro que reconstrúe sobre as fracturas do pasado.

REPARTO: Margarita Ledo



DIRECCIÓN:
Xisela Franco

SECCIÓN OFICIAL CURTAS BLOQUE 5 EU TAMÉN NAVEGAR



BLOQUE 5 EU TAMÉN NAVEGAR

Rompente

FICCIÓN | 26' | 2022

Santi é un pai adolescente que vive nunha pequena vila costeira. De día traballa nas bateas e polas noites marisquea de maneira furtiva. Mentres a súa moza Lucía asume en soidade o coidado do bebé de ambos, Santi, ausente e afogado pola responsabilidade, busca refuxio e redención no mar.

REPARTO: Sergio Baleirón, Soraya Luaces e Vicente Mohedano



DIRECCIÓN:
Eloy Domínguez
Serén



BLOQUE 5 EU TAMÉN NAVEGAR

Atalaia/Piueiro

DOCUMENTAL | 8' | 2022

Unha aproximación ao mundo do mar desde a etnografía experimental, entre o documental e a poesía, sobre o mundo das redeiras e sobre a carpintería de ribeira. Para a primeira parte da obra contouse coa colaboración da Asociación de Redeiras do Baixo Miño Atalaia, mentres que na segunda parte traballouse man a man coa Asociación de Embarcacións Tradicionais O Piueiro. Este díptico terra/mar - masculino/femenino trata de dar visibilidade ao patrimonio inmaterial da vila, de crear emocións arraigadas ao territorio e á súa xente, ao tempo que facer antropoloxía audiovisual. Ademais, entrelázase o presente con arquivo persoal de Joaquín Costiña, fotógrafo, que son as primeiras imaxes fílmicas atopadas de A Guarda de finais dos anos 20.



DIRECCIÓN:
Xisela Franco

SECCIÓN OFICIAL CURTAS BLOQUE 5 EU TAMÉN NAVEGAR



BLOQUE 5
EU TAMÉN NAVEGAR

Tatuado nos ollos levamos o pouso

DOCUMENTAL | 26' | 2022



DIRECCIÓN:
Diana Toucedo

As mariscadoras dun pequeno pobo ao sur de Galicia afánanse cada día de marea por sementar, cavar e coidar o limiar entre a auga do mar e a area. En simbiose, a conciencia colectiva e os afectos emerxen dos seus corpos, dos seus xestos e das súas palabras.

CONCELLO
DE VIGO



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

RIAS BAIXAS
FILM FEST

TRAE

SESIÓN ESPECIAL CURTAS ONDAS DO MAR DE VIGO



SESIÓN ESPECIAL CURTAS ONDAS DO MAR DE VIGO

O Profesor

DOCUMENTAL | 13' | 2021

José Carlos Cermeño Iglesias ten 90 anos. En primavera, en canto a chuvia dá un respiro, fai a maleta e pon rumbo ao seu sitio favorito do mundo: as Illas Cíes, onde é coñecido como "o profesor". Leva pasando os veráns alí desde que era neno (ou como di el: "desde que levaba pantalóns cortos"), e tempadas máis longas desde que xubilou. Cermeño é un personaxe único, o derradeiro da súa quinta que ano tras ano permanece meses nas illas, a pesar de atoparse cada vez máis maior e só. Os demais integrantes da súa pandilla faleceron ou non contan co seu envexable estado de saúde, que lle permite seguir mantendo unha inusual vivenda para unha persoa da súa idade: unha tenda de campaña. A súa visión deste singular territorio dista moito do discurso maioritario puramente turístico. O profesor ten rutinas, amizade cos traballadores das illas e os propietarios das casas e centos de anécdotas ligadas ás Cíes, o que constitúe un documento único para resaltar o valor social e patrimonial das illas.



DIRECCIÓN:
Paula Cermeño e
Pablo Vázquez



SESIÓN ESPECIAL CURTAS ONDAS DO MAR DE VIGO

The Death

DOCUMENTAL | 30' | 2021

Quince anos despois, tres amigos rememoran vellos tempos a través dunha película que filmaron cando eran nenos: *The Death*. Á súa vez, o director do documental reflexiona sobre a importancia que esta obra tivo na súa traxectoria e na súa vida. Unha homenaxe ás amizades da infancia e á inocencia do cinema caseiro feito por pura diversión.



DIRECCIÓN:
Pablo Vázquez

SECCIÓN OFICIAL CURTAS INFANTÍS



SECCIÓN OFICIAL CURTAS INFANTÍS


Peixes

ANIMACIÓN | 6' | 2018

Nunha pequena cova no fondo do mar, un vello peixe cóntalles a un grupo de xoves peixes a vella lenda de un peixe que quiso saber qué había máis alá do auga.



DIRECCIÓN:
Juan Carlos Pena



SECCIÓN OFICIAL CURTAS INFANTÍS

Napo

ANIMACIÓN | 16' | 2020

John, incapaz de comprender a enfermidade que conduce ao seu avó entre os estados pasados e presentes, atopa un vello álbum cheo de fotografías e deixa que as imaxes guíen a súa imaxinación, transformando as lembranzas do seu avó en interpretacións de debuxos. Debuxos que dan forma á súa relación nunha historia de memorias e construción de lembranzas.



DIRECCIÓN:
Gustavo Ribeiro

SECCIÓN OFICIAL CURTAS INFANTÍS



SECCIÓN OFICIAL CURTAS INFANTÍS

Plantae

ANIMACIÓN | 10' | 2017

Ao cortar unha enorme árbore no profundo da selva amazónica, un leñador contempla unha reacción inesperada da natureza. Unha mirada sobre as consecuencias irreversibles da deforestación e o sometemento do ser humano ao resto dos seres da Terra.



DIRECCIÓN:
Guilherme Gehr



SECCIÓN OFICIAL CURTAS INFANTÍS

Caminho dos Gigantes

ANIMACIÓN | 12' | 2016

Nun bosque de árbores xigantescas, Oquirá, unha nena indixena de seis anos, desafiará o seu destino e aprenderá a entender o ciclo da vida.



DIRECCIÓN:
Alois Di Leo



Valldaura: A Quarantine Cabin

DOCUMENTAL | 79' | 2021

No medio do parque natural de Collserola, un grupo de novos arquitectos de todo o mundo vive e estuda o futuro das cidades. Coa chegada do COVID serán confinados no medio do bosque, experimentando os problemas da auto-suficiencia como xamais agardarían. Tras un muro de árbores, as opcións son infinitas.



DIRECCIÓN:
Manuel Lógar



Amor Fati

DOCUMENTAL | 102' | 2021

Amor Fati tradúcese literalmente como “Amor ao Destino”. O concepto en latín engloba un dos principios básicos do estoicismo: decatarnos do que podemos controlar e do que non. Ese concepto vertebrada esta terceira película da cineasta portuguesa Cláudia Varejão, que transporta ao seu público a un universo paralelo onde a realidade se transforma en soño. Como un conxunto de haikus visuais reunidos nun só volume, as diversas secuencias que compoñen a cinta poñen a proba a nosa capacidade para seguir unha historia que, a primeira vista, parece incompreensible a pesar do seu atractivo. Varejão presenta a unha serie de personaxes que comparten unha sensibilidade única, unha percepción que nace do seu encontro coa súa “outra metade”, unha persoa que os completa e lles axuda a se sentir ancorados ao mundo.

REPARTO: Ana Carvalho, Antonia García, Lucinda Piloto, Samira Garcia, Narine Dellalian, Levon Mouradian



DIRECCIÓN:
Cláudia Varejão



Un cielo impasible

DOCUMENTAL | 81' | 2021

Zona oeste de Madrid. Lugar onde sucedeu unha das batallas máis cruentas e mortíferas da Guerra Civil Española. Un grupo de adolescentes investiga, recita e debate sobre os testemuños dos soldados que loitaron durante eses terribles días; fan súas as vivencias dos veteranos e os mortos.

Mentres, a película muta, adáptase e vaise construíndo a través da súa mirada: a dunha nova xeración que se abre ao diálogo e revisa criticamente a escola e a memoria histórica dun país en permanente polarización.



DIRECCIÓN:
David Varela



Tres Tigres Tristes

FICCIÓN | 86' | 2022

O futuro distópico de São Paulo non é moi diferente do presente: hai unha pandemia viral que mata as persoas despois de borrarlles a memoria e o capitalismo impregna todas as relacións. Tres personaxes percorren a cidade entre encontros surrealistas, recordos compartidos, confidencias, soños e anhelos de outro lugar. Algo que quizais xa é posible para quen aínda pode formar comunidade.

REPARTO: Isabella Pereira, Pedro Ribeiro, Jonata Vieira



DIRECCIÓN:
Gustavo Vinagre

SECCIÓN OFICIAL VIDEOCLIPS



Pano Corado

TANXUGUEIRAS
Diego M. Barcia e Diego Santaclara



Adiós Ríos, Adiós Fontes

ESCUCHANDO ELEFANTES
Silvia Rábade e Carlos Tajés




A Moura

SHEILA PATRICIA
Aitor Ramos Soto



A Rosalía de Castro

ALBERTO E ANDRÉS CUNHA
José Luis González Barceló



Nena, Alcohol

DESERTORES
Ashling Ocampo



Unha Pegada Túa

KING KIDS
Andreia Táboas



O Samil é Portugal

OS VACALOURAS
Alberto Lora



Pombas en Paz

PURPLE REI
Sabela Eiriz




Ceras Rosas

DANI
Silvia Coca



Mirall

JUNCO Y MIMBRE
Yago Ray Costas Rodés



Pelear

BLANCO PALAMERA
Adrián Canoura



Not Ready

GRIMA
Inma Veiga e Facundo Pardo



Hay que Gritar

BROKEN PEACH
Jacobo Areal e Broken Peach




Scratch my Back

THE SOUL JACKET
Anxo Barreiro Tapiolas



The River

FAMILY FOLKS
Thomas Dylan e Mateo H. Soto



La Banda Fantasma

OSCAR AVENDAÑO Y LA
BANDA FANTASMA
May Novo




Recuerdos del Paraíso

THE BO DEREK'S
Oscar Avendaño

CENTENARIO MARÍA CASARES

A galega que chegou ao cumio da escena francesa

María Victoria Casares Pérez naceu na Coruña o 21 de novembro de 1922. Os seus pais foron Gloria Pérez e Santiago Casares Quiroga, ministro de Guerra e presidente do Goberno entre maio e xullo de 1936. A súa infancia transcorreu apaciblemente entre A Coruña e Montrove. Da placidez destes primeiros anos dá fe a reflexión que fixo no programa "A fondo" sobre a súa adaptación ao país veciño: "o tempo que aprendera en Galicia era o tempo das mareas, das lúas, o tempo do século XIX. En Francia atopeime co tempo de loitar contra o reloxo" *.



En 1931 o seu pai foi nomeado Ministro de Mariña e a familia trasladouse a Madrid. Esa experiencia supuxo para María un primeiro exilio, o cambio á gran cidade. Aos catorce anos tivo que abandonar España coa súa nai para fuxir dos desastres da guerra. Con todo, ese novo exilio resultou menos traumático para ela, enfrontándose ás novas situacións como se dunha aventura se tratase.

Malia a timidez que a caracterizaba (ou precisamente por iso), María Casares estudou teatro e realizou o seu primeiro gran papel aos 19 anos nunha representación de *La Celestina*. A partir de entón transformárase en Lady Macbeth (rol que repetiría diante das cámaras), Fedra, Medea, Nai Coraxe e outras icónicas mulleres da historia da literatura; e interpretaría obras dramáticas de Sartre, Pirandello, Jean Genet, Calderón, Víctor Hugo, Brecht, Valle Inclán ou Rafael Alberti. Así foi como se converteu nun mito da escena francesa. Segundo Sabela Hermida, "alí era toda unha diva, ao nivel dunha Sarah Bernhardt" **.

O seu talento tamén traspasou o Atlántico e chegou a Sudamérica. Con todo, en España e Galicia, a nada. A María Casares arrebatóunola o exilio, pero tamén ese tan arraigado costume de silenciar ás mulleres que salientan en calquera eido.

* "A Fondo", entrevista a María Casares (1981) Entrevista realizada por Joaquín Soler Serrano.

** <http://laduda.net/sabela-hermida-maria-casares-es-un-icone-absoluto-en-francia-y-una-gran-silenciada-en-espana/>

A día de hoxe aínda queda moito traballo por facer para poñer no lugar que lle corresponde a nosa actriz máis internacional, a muller que interpretou ás grandes heroínas dos mellores dramaturgos, e que traballou cos cineastas máis respectados da época.

Por fortuna para quen non puidemos presenciar as súas obras, non só de teatro viviu **María Casares**. Foron 35 os traballos audiovisuais nos que participou, incluíndo longametraxes, curtas e producións televisivas.

A longa elixida para conmemorar o centenario de María Casares é "Orfeo", de Jean Cocteau, que poderá verse o sábado 17 ás 20 h. no Auditorio do Concello de Vigo e será precedida por unha breve presentación a cargo da historiadora do cinema Ana Gontad.



Orfeo

FICCIÓN | 86' | 2022



DIRECCIÓN:
Jean Cocteau

Orfeo é un poeta obsesionado coa Morte (a Princesa) da cal se namora. Un día os esbirros da Morte matan a Eurídice, a esposa de Orfeo, e este decide seguila ata o Inframundo para rescatala. Este filme —fascinante traballo dun poeta polo que conserva toda a súa maxia—, é a parte central da triloxía órfica de Jean Cocteau: *O sangue dun poeta* (1932), *Orfeo* (1950) e *O testamento de Orfeo* (1960).

REPARTO: Jean Marais, María Casares, François Périer, Marie Déa, Edouard Dermithe, Juliette Greco



PROXECTO REMOLQUE

Obradoiro de cinema expandido

Domingo 18 de setembro / 17.00h
INSTITUTO CAMÕES

Proxecto Remolque é un obradoiro de cinema expandido para toda a familia dirixido polo cineasta e proxeccionista Cris Lores, quen, acompañado polos artistas e tamén cineastas Belén Veleiro e Alberte Pagán, ensinará ao público asistente a realizar as súas propias películas en celuloide reutilizando vellos (e belos) tráilers de 35 mm. Un xeito moi divertido de coñecer a historia do cinema que de seguro fará as delicias tanto de adultos coma dos máis pequenos da casa.

Entrada de balde con inscrición previa na conta info@primaveradocine.com
Prazas limitadas.



PAPER CINÉTICO

Obradoiro de maxia precinematográfica

Sábado 17 de setembro / 17.30h
SEDE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA EN VIGO

Logo dunha longa traxectoria ensinando cine e un amor inexplicable polo papel, Belén Veleiro decidiu crear *Paper Cinético*, unha actividade que reflexiona sobre o "papel" do papel no cinema explorando as infinitas posibilidades deste formato que permite transformar, entre outras cousas, a bidimensionalidade dunha folla de papel nun obxecto tridimensional en movemento. Trátase dunha cita apta para todas as idades, aínda que o público miúdo debe ir acompañado.

Entrada de balde con inscrición previa na conta info@primaveradocine.com
Prazas limitadas.



OBRADOIRO **Cinema, a sociedade de consumo e feminismo**

Xoves 15 de setembro / 18.00h
INSTITUTO CAMÕES

Vivimos nun mundo de pantallas, onde recibimos estímulos constantes, cargados de mensaxes e concepcións dadas de como é o mundo. Estas mensaxes configuran a nosa forma de actuar e pensar, sen embargo, non sempre transmiten un contido pedagóxico, contribuíndo, moitas veces, a formar modelos de comportamento, estereotipos e eufemismos de forma sistemática e inconsciente na poboación que os consume. Partindo desta premisa, consideramos importante habilitar un espazo para reflexionar sobre as mensaxes recibidas, o cuestionamento das intencións e intereses escondidos tras a pantalla, a formulación dunha opinión crítica e persoal fundamentada, así como para a participación e o intercambio de ideas.

O obradoiro Cinema, a sociedade de consumo e feminismo, preséntase como unha actividade que pretende contribuir a desvanecer esta problemática. Farémolo dende unha metodoloxía dinámica, ilustrativa, participativa e dirixida ao público adolescente, por ser a poboación mais exposta e vulnerable á hora de recibir estes estímulos, coa intención de proporcionarlles ferramentas e técnicas para filtrar e valorar a información recibida.

Imparte: **Verónica Fonterosa**, graduada en pedagogía pola Universidade de Santiago de Compostela e técnica en Produción audiovisual e de espectáculos polo I.E.S. Audiovisual de Vigo.

Entrada de balde previa inscrición na conta info@primaveradocine.com



OBRADOIRO

Introdución ao guión cinematográfico

Sábado 17 de setembro / 11.00h
INSTITUTO CAMÕES

Partindo de conceptos básicos, Fon Cortizo amosará o misterio das estruturas; explicará as características do documental e da ficción, e definirá a importancia da ambientación e a construción e realidade dunha personaxe, recompilando, en suma, moitos dos ingredientes necesarios na elaboración dun guión cinematográfico. O cineasta dedicará a segunda parte do obradoiro á asesoría de proxectos de xeito personalizado, reuníndose con todas aquelas persoas participantes interesadas en seguir desenvolvendo o seu traballo.

Fon Cortizo

Nos últimos anos, o vigués Fon Cortizo salientou pola proxección internacional dos filmes nos que asumiu a dirección. En 2015, estreaba a súa primeira longametraxe, *Contrafaces*, dirixida e escrita man a man xunto a Álex Cancelo. Esta mirada á construción da identidade e o proceso creativo foi estreada en *Visions du Reel* (Suíza).

A súa primeira longametraxe en solitario —da que tamén asinou o guión— foi *9 fugas*, unha exploración do proceso de creación cinematográfica a través da construción inversa do relato que recibiu numerosos galardóns, entre eles ou premio á mellor película (ex-aequo) na Sección “Retueyos” do Festival de Xixón e o premio á mellor dirección de longametraxe galega na pasada edición do Festival Primavera do Cine.

As prazas do obradoiro serán limitadas.

Actividade apoiada por





GALA DE CLAUSURA

Domingo 18 de setembro / 19.00h
AUDITORIO DO CONCELLO

O acto de clausura desta 11ª edición do festival estará presentado pola actriz e dramaturga Lola Correa, e acompañado polo talento dos irmáns Alberto e Andrés Cunha. Esa tardiña do 18 de setembro acollerá a entrega dos seguintes galardóns:



Premio do público á mellor longametraxe
Premio do xurado á mellor longametraxe
Premio á mellor dirección galega de longametraxe
Premio á mellor curtametraxe
Premio á mellor curta infantil
Premio ao mellor videoclip
Mención honorífica

O NOSO XURADO



**SOFIA
HENRIQUE**

(Lisboa, Portugal, 1974)

Licenciada en historia da arte, Mestre en filoloxía portuguesa. Traballou de profesora de lingua e cultura portuguesa en Francia, Italia e Portugal. Participou na organización de festivais e mostras de cine portugués en Francia e Italia, en ámbitos universitarios. Tradutora do italiano e do catalán, participou na fundación da revista literaria bilingüe "Capicua, uma ponte entre as letras portuguesas e catalãs", asumindo tamén tarefas de redacción, e fixo a tradución ó portugués da primeira antoloxía de poesía da illas Baleares "La flor més primerenca", publicado polo instituto Ramón Llull e polo Goberno das Illas Baleares. Na actualidade traballa como docente de lingua e cultura portuguesa no centro cultural portugués do instituto Camões en Vigo.



**ÁLEX
MENE**

(Vigo, 1969)

Licenciado en Comunicación Audiovisual, doutor en Belas Artes e titulado polo Instituto Oficial de Radio e Televisión. Traballou de xornalista e fotógrafo en distintos medios. Na actualidade exerce de catedrático de debuxo no Bacharelato Artístico. *A raíña das tortas*, na colección Verdemar da editorial Alvarellos, foi o seu primeiro libro. Con *Indómita e a semente da inmortalidade* gañou o I Certame de Literatura Infantil e Xuvenil "Muíño do Vento", libro publicado pola editorial Bululú en galego e castelán. En 2020 obtivo o 3º premio no Certame de narracións breves Manuel Murguía polo texto titulado *A herdeira*.

No ano 2021, publicou *Ana e as súas irmás* na editorial Do Peirao e recibiu o premio de poesía Concello de Carral polo seu primeiro poemario titulado *Os puntos do impacto*, publicado pola editorial Espiral Maior. Ademais, vén de saír do prelo o seu último álbum ilustrado titulado *A encantadora de serpes*.



**ALDARA
PAGÁN**

(Ourense, 1997)

Artista visual. Autora das obras *O que precede a caída é branco* (2018), *Alí sentíame eterna* (2020), *MARCAS* (2020), *Sen título* (2022), *Nese momento ou amor foi escuro e só puiden chorar* (en desenvolvemento), as cales pasaron por festivais como: (S8) Mostra de Cinema Periférico, CURTOCIRCUÍTO, ZINEBI, Cinespaña ou Márgenes, entre outros. A súa obra céntrase na autorrepresentación, o traballo co íntimo, o tramado do corpo e a performatividade nos extremos. Móvese entre o dixital e o celuloide.

Graduada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela. Experta Universitaria en Xestión Cultural pola mesma universidade. Máster de Creación Audiovisual na Elías Querejeta Zine Eskola, en Tabakalera, Donostia - San Sebastián. Máster LAV Madrid, Laboratorio Audiovisual de Creación e Práctica Contemporánea. Redactora na revista de crítica cinematográfica "A Cuarta Paredé". Traballo de programación, comunicación e produción en festivais como OUFF, CINEUROPA, (S8) ou Curtocircuíto.

XURADO INFANTIL



**NOA
LAGO**

(Vigo, 2014)

Cun amplo sorriso na súa faciana, Noa confesa que as súas actividades preferidas para pasar o tempo libre son facer crebacabezas e pintar. Estuda en Maristas, onde ademais de xogar cos seus amigos, goza aprendendo un pouco de todo, aínda que salienta o inglés. Encántalle ler, sendo *Filipo e Leo* o seu libro favorito, e é unha gran cinéfila (*O Rei León* gustoulle moito, malia que a súa peli preferida na actualidade é *Canta*). Practica natación con asiduidade e cando sexa maior quere converterse en profesora de infantil. Defínese como unha persoa boa e alegre, cousa da que dámos fe.



**BREIXO
SILVA**

(Vigo, 2011)

O riseiro Breixo, cursa sexto de primaria no CEIP Coutada Beade. Polo de agora estuda inglés e francés pero non descarta estudar máis idiomas no futuro. Pasa o tempo libre debuxando, xogando cos seus cans, xogando a videoxogos ou ao cubo de rubik e mesmo programando, actividade á que se quere dedicar cando sexa maior de xeito profesional. Lembra ter visto de pequeniño *Callou feliz Navidad*, mais o seu filme favorito é, sen dúbida, *My hero academy 2*. Cando non está estudando ou programando, tamén lle gusta ler (lembra con agarimo *Regreso ao reino da fantasía*) e practicar deporte (ademais de divertirse saltando á comba, practica bádminton, frontón e baloncesto).



**XOANA
SILVA**

(Vigo, 2013)

Deportista infatigable, Xoana estuda no Centro de educación infantil e primaria Coutada Beade. A primeira película que lembra ter visto é *ET o extraterrestre*, aínda que a súa favorita polo de agora é *Padre no hay más que uno 2*. No seu tempo libre goza facendo deporte (practica atletismo, natación, baloncesto e patinaxe con asiduidade), lendo (é unha grande admiradora de *Isadora Moon e o castelo encantado*) e xogando cos seus cans ou cos seus xogos e bonecos. O seu soño é converterse en veterinaria cando sexa maior porque o que máis lle gusta do mundo son os animais.

reencanto
produções

CAMÕES
CENTRO CULTURAL
PORTUGUÊS
PORTUGAL
INSTITUTO DAS RELAÇÕES EXTERNAIS

MARCO
INSTITUTO DE APOIO COMUNITÁRIO, S.L.

CONCELLO
DE VIGO



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

RÍAS BAIXAS
FILM FEST



IBERMEDIA

FESTIVAL



PRIMAVERA
DO CINE en VIGO